

SOLICITUDE DE USO EXCEPCIONAL DO TRANSPORTE ESCOLAR 2023/2024

Estimados pais e nais. Segundo a Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 8 de xuño, sobre a xestión do servizo de Transporte Escolar no curso 2020/21, e coa fin de ir xestionando as solicitudes de uso excepcional do transporte escolar para os alumnos cuxo domicilio estea situado a menos de 2 km do centro, pregamos envíen asinada a solicitude.

A parada de **Vilar de Carnota** conta con prazas.

No caso dos solicitantes do uso da **parada de Pedrafigueira**, en caso de non ser suficientes as prazas, as prazas asignaranse segundo as instrucións referidas. Dentro dos solicitantes os criterios serán por orde:

1. Minusvalía
2. Menor idade. Os irmáns maiores acadan autorización xunto co de menor idade.
3. Situación económica e/ou condición de familia monoparental.

Como domicilio o centro estimará como real o que se empregou no momento da matrícula. Dito domicilio poderá ser obxecto de verificación. Si o domicilio non coincide co de matrícula deberá acreditarse debidamente o novo domicilio, coa fin de evitar malentendidos, ben cun certificado do padrón onde figure unha antigüidade superior a un ano, certificado de convivencia ou calquera outro documento que acredite dito domicilio como domicilio familiar. O centro poderá solicitar a comprobación da coincidencia de dito domicilio co domicilio fiscal. (ORDE do 12 de marzo de 2013).

Data límite de entrega: 20 de xuño de 2023

De ser necesario, no seo do Consello Escolar resolverase a asignación do uso excepcional do transporte escolar en caso de superar a demanda ás prazas dispoñibles.

SOLICITUDE DE USO EXCEPCIONAL DO TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2023/2024

D.Dna.:		pai, nai do/a	
alumno/a			
Nome e apelidos		Curso:	Etaqa:
Nome e apelidos		Curso:	Etaqa:
Nome e apelidos		Curso:	Etaqa:
Solicita o uso excepcional do transporte escolar na parada de			
Domicilio:			
Tfno. de contacto:			

En, a de xuño de 2023

Asdo.:

Información básica sobre protección de datos persoais:

Responsable: Xunta de Galicia. ***Finalidade:*** Comprobación de cumprir os requisitos obxecto desta solicitude.

"En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento.

A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781,

Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educación@xunta.es.